

ACTIVIDADES

- Programación CGAI marzo-abril 2020
- Poetas Di(n)versos: Primavera 2020. Centro Ágora
- Gala solidaria de Monólogos "Con Ocho me Troncho". Fórum Metropolitano
- Festival Latinoamericano de Instalación de Software Libre. Domus
- Axenda semanal de concertos na Coruña

BOLSAS

- 8ª Convocatoria Bolsas Eurolingua. Eurolingua Venairlanda S.L.

CURSOS

- Cursos de Golf, 2º trimestre 2020. Concello da Coruña
- Talleres sobre consumo da OMIC. Concello da Coruña

CONCURSOS

- XI Concurso de viñetas "Novas Masculinidades". Deputación Provincial da Coruña
- XXX Concurso de contos Vila de Pontedeume. Concello de Pontedeume
- XXVII Certame literario Xoán Díaz. Concello de Cambre
- Concurso de vídeos "Cambio climático e nós". Facultade de Ciencias da USC

VARIOS

- Axudas para a obtención dos permisos de condución das clases B e C. Consellería de Política Social
- Novo período de solicitude dos Locais de Ensaio. Concello da Coruña
- Voluntariado cultural nas Bibliotecas Públicas de Galicia. D.X de Xuventude, Participación e Voluntariado

ACTIVIDADES

Programación CGAI marzo-abril 2020

O CGAI dedica a programación dos seguintes dous meses ás mulleres, a través dos seguintes ciclos de cinema:

En colaboración co Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do Consello da Cultura Galega o ciclo "Olladas de Muller", o ciclo "Pioneiras do cine" dedicado ás mulleres dos inicios da industria do cine e que a historia deixou no esquecemento, en colaboración co festival Punto de Vista de Pamplona unha retrospectiva das directoras alemás Renate Sam e Ute Aurand, a proxección de "Women Make Film", unha película que revisita o cine desde os ollos de directoras de todo o mundo, un ciclo dedicado á cineasta alemá Angela Schanelec e, dentro do ciclo "Esenciais", unha retrospectiva da actriz Ida Lupino. Completan a programación as habituais seccións "Desencadres" (Stan Brakhage), "Pensando en cine / Pensando en Galicia" (Xosé Manuel Gayoso), "Off Galicia" (con NCG10 e os Premios Darwin), "Fóra de serie" e "Cgai Júnior".

CANDO: do 03/03/2020 ao 30/04/2020

PREZO:

- Xeral: 1,20€
- Carné Xove: 0'60€
- Abono para 10 sesións: 9€

- As sesións de entrada gratuita notificaranse no programa.

- A venda de entradas iniciárase 15 minutos antes de comezar a sesión (non se venden entradas por anticipado)

- Só se venderán máximo 2 entradas por persoa.

LUGAR / INFORMACIÓN:

CGAI


Rúa Durán Loriga, 10-baixo (15003 - A Coruña)

Tel. 881 881 270

correo-e: programacion@cgai.org

Web: <https://cgai.xunta.gal>

*Arquivo: [programación completa .pdf \(897 KB\)](#)



Poetas Di(n)versos: Primavera 2020

O centro Ágora acolle a 2ª sesión da programación de primavera do ciclo Poetas Di(n)versos, dirixido por la poeta e dinamizadora cultural Yolanda Castaño, que contará nesta ocasión co galego Claudio Pato e o uruguaio Rafael Courtoisie

- **Claudio Pato** (Ourense, 1962): programador cultural, realizador e poeta, ademais de colaborador en revistas e obras colectivas
- **Rafael Courtoisie** (Montevideo, 1958): poeta, narrador e ensaísta, ademais de membro de número da Academia Nacional de Letras de Uruguai

CANDO: 16/03/2020

HORARIO: 20.30 h

PREZO: entrada libre, ata completar capacidade

LUGAR / INFORMACIÓN:

Centro Ágora

Lugar da Gramela 17 (15010 - A Coruña)

Tel.: 981 189 888

correo-e: agora@coruna.es

Web: www.coruna.gal/cultura



ACTIVIDADES

Gala solidaria de Monólogos "Con Ocho me Troncho"

A Liga Reumatolóxica Galega organiza no Fórum Metropolitano unha gala solidaria de monólogos para recadar fondos para nenas e nenos con enfermidades reumáticas e músculo-esqueléticas

Participan: *Víctor Grande - Adelaida - Rodolfo - Diana Sieira - Tito Robert - Jessica Val*

Presenta a gala: *Gari*

CANDO: 14/03/2020

HORARIO: 19.30 h.

PREZO: 8 €

Venda de entradas:

- *anticipada: no despacho de billetes da Praza de Ourense (de luns a venres de 9.30 a 13.00 e de 16.30 a 19.30 h) ou online en www.eventbrite.es*
- *día do espectáculo: despacho de billetes do Fórum Metropolitano desde 1 hora antes (se quedan localidades dispoñibles)*

LUGAR / INFORMACIÓN:

Fórum Metropolitano

R/ Río Monelos, 1 (15006 - A Coruña)

Tel.: 981 184 293

www.facebook.com/ForumMetro

WEB: www.coruna.gal/cultura



Festival Latinoamericano de Instalación de Software Libre

O FLISoL é o evento de difusión de Software Libre máis grande en Latinoamérica e está dirixido a todo tipo de público. A entrada é gratuíta e o seu principal obxectivo é promover o uso do software libre, dando a coñecer ao público en xeral a súa filosofía, alcances, avances e desenvolvemento.

CANDO: 25 abril abril de 2020

- *Replicant VOS, o android libre.* Horario: de 10:00 h. a 11:00 h.
- *¿O meu móbil me espía? A difícil tarefa de escapar do caPita lismo da vixilancia.* Horario: de 11:00 h. a 12:00 h.
- *Como instalei Linux nunha tablet Android sen morrerme (demasiado) no intento.* Horario: de 12:15 h. a 13:00 h.
- *Experiencias sobre reciclaxe electrónica e prolongación da vida útil con software libre no Banco de electrónica de Teo.* Horario: de 13:00 h. a 14:00 h.
- *¿Hai vida máis allá de Android?: Como adaptar solucións libres nos nosos smartphones e tablets ampliando a súa funcionalidade / PinePhone, solución hardware libre para smartphone.* Horario: de 16:00 h. a 18:00 h.
- *Platformio, unha contorna libre de programación de microcontroladores.* Horario: de 18:00 a 19:00 h.
- *Demostración e axuda á instalación de solucións libres para a túa smartphone e tablet.* Horario: de 10:00 h. a 14:00 h. e e 16:00 h. a 19:00 h.

PREZO: entrada libre ata completar capacidade

LUGAR: *Domus*

R/ Ángel Rebollo, 91 (15002 - A Coruña)

MÁIS INFORMACIÓN:

Flisol 2020

flisol2020acoruna@gmail.com

Web: <https://flisol2020acoruna.gitlab.io/>



FLISoL 2020
A Coruña, 25 de abril

- Charlas y talleres sobre aplicaciones y Sistemas Operativos libres para smartphones y tablets
- Reciclaje electrónico

Lugar: A Coruña, museo Domus

Más info e inscrición en talleres y charlas:
<https://flisol2020acoruna.gitlab.io/>

Organiza:  Colaboran:    Patrocina:  

ACTIVIDADES

Axenda de concertos na Coruña

Programación de concertos desta semana nas salas de concertos e outros espazos da cidade

Teatro Rosalía. R/ Riego de Agua, 37 (15001 – A Coruña)

www.coruna.gal/cultura

martes 17 ás 20.00 h.: **ENSEMBLE TRIFOLIUM**. Entrada: 20€

Pazo da Ópera. Glorieta América (15004 - A Coruña)

www.palaciodelaopera.com

venres 13 ás 21.00 h.: **BROTHERS IN BAND**. Entrada: desde 22€

Playa Club. Plataforma de Riazor s/n (15011 - A Coruña)

<http://playaclub.club/programacion>

venres 13 ás 22.30 h.: **INDOMABLE**. Entrada: 8€/10€

Sala Mardi Gras. Trav. da Torre,8 (15002-A Coruña)

www.facebook.com/salamardigras

venres 13 ás 22.30 h.: **DEADYARD + ARSIAN**. Entrada: 7€

sábado 14 ás 22.30 h.: **BOYANKA KOSTOVA**. Entrada: 10€

domingo 15 ás 20.00 h.: **SDI + PRO-FUGU**. Entrada: 15€/20€

Bâbâ Bar. R/ Pérez Cepeda, 23 (15004-A Coruña)

www.facebook.com/baba.bar.7

xoves 12 ás 21.00 h.: **PORT ALMOND**. Entrada: 5€

venres 13 ás 22.00 h.: **FABIAN**. Entrada: 10€/12€

sábado 14 ás 22.00 h.: **E3**. Entrada: 5€

Sala Garufa Club. R/ Riazor, 5 (15004-A Coruña)

www.facebook.com/SalaGarufaClub

xoves 12 ás 22.30 h.: **GARUFA BLUE DEVILS BIG BAND**. Entrada: 12€

venres 13 ás 22.00 h.: **MADAME BIRD**. Entrada: 8€

sábado 14 ás 22.30 h.: **OS RESENTIDOS**. Entrada: 12€

domingo 15 ás 20.00 h.: **DAVID REGUEIRO**. Entrada: 8€

Jazz Filloa. R/ Cega, s/n (15003 – A Coruña)

www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club

mércores 11, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **CHRISTIAN**

McBRIDE TRIBUTU + jam. Entrada: 8€

venres 13, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **ANDRÉ**

RUSANOFF TRÍO. Entrada: 8€



8ª Convocatoria Bolsas Eurolingua

Eurolingua Venairlanda convoca 20 bolsas para a realización de cursos de inglés en Irlanda de 2 semanas de duración, durante o verán de 2020. nun programa de inmersión lingüística dirixido a estudantes universitarios, de secundaria, bacharelato ou FP

INSCRICIÓNS: ata as 23.59 h. **do 8 de abril** de 2020 no formulario online de www.becaseurolingua.com

REQUISITOS:

- Ter nacido con anterioridade ao 31 decembro de 2005
- Ter nacionalidade de calquera país da UE
- Estar matriculado no curso escolar 2019-20 en algún dos seguintes estudos: Bacharelato, ESO, Formación Profesional ou Titulación Universitaria oficial (grao, máster e/ou doutorado)
- Ter una media do expediente académico de, polo menos, 6 puntos

DOTACIÓN:

A bolsa cubre o 100% dos gastos do Programa (*agás o billete de avión de ida e volta ao lugar de destino do curso, que correrá a conta de cada participante*): recollida no aeroporto e aloxamento en familia ou residencia/apartamentos, programa de 20 clases de inglés semanais e material didáctico, programa de actividades culturais e visitas, supervisión por monitores de Eurolingua no destino

MÁIS INFORMACIÓN:

EuroLingua Venairlanda SL

Avda Finisterre 194 (15010 A Coruña)

Tel.: 981 257 290 - 693 850 377 - 902 881 831

correo-e: info@becaseurolingua.com

www.venairlanda.com

WEB: www.becaseurolingua.com

*Arquivo: [bases da convocatoria .pdf \(2 MB\)](#)



CURSOS

Cursos de Golf, 2º trimestre 2020

O Concello da Coruña, a través do Servizo Municipal de Deportes, convoca cursos de iniciación ao golf a impartir no Campo Municipal de Golf Torre de Hércules durante os meses de abril, maio e xuño de 2020.

CALENDARIO:

- **Presentación de solicitudes:** ata o 12 de marzo de 2020 ás 14:00 h. a través do formulario na web de deportes ou nas oficinas do Campo Municipal de Golf Torre de Hércules
- **Listaxe provisional:** a partir do día 13 de marzo de 2020
- **Emenda de erros:** a partir da data de publicación das listaxes provisionais e no prazo de 5 días naturais, no Campo Municipal de Golf Torre de Hércules.
- **Sorteo público:** 18 de marzo de 2020, ás 9:00 h.
- **Listaxes definitivas:** a partir do 20 de marzo de 2020.
- **Matriculación:** no Campo Municipal de Golf Torre de Hércules **do 21 ao 26 de marzo** de 2020

HORARIO: 2 horas á semana en horario de mañá ou tarde (*consultar horarios na convocatoria)

PREZO:

- Curso trimestral infantil e xuvenil (2 horas semana): 28,94 €
- Curso trimestral persoas adultas (2 horas semana): 48,22 €

REQUISITOS:

- Idades: - Infantil: de 6 a 11 anos - Xuvenil: de 12 a 17 anos - Adultos: de 17 anos en diante.
- Cada persoa poderá solicitar un máximo de 2 cursos, pero só se poderá matricular nun único curso.
- Terán preferencia as persoas empadroadas no Concello da Coruña e, en segundo lugar, quen non realizase ningún curso de iniciación ao golf no Campo Municipal de Golf Torre de Hércules.

MÁIS INFORMACIÓN:

Servizo Municipal de Deportes

Correo-e: deportes@coruna.es

Teléfono de información 010

www.coruna.gal/deportes/es



Talleres sobre consumo da OMIC

A Oficina Municipal de Información ás Persoas Consumidoras (OMIC) ofrece un Programa de Charlas de formación en consumo responsable.

CANDO:

- 20 de marzo: [A banca electrónica](#) (inscricións ata o 20/03/2020)
- 23 abril: [Ante as tecnoloxías, protéxete](#) (inscricións ata o 23/04/2020)
- 20 de maio: [comercio electrónico](#) (inscricións ata o 20/05/2020)

HORARIO: de 11:30 a 13:00 h.

REQUISITOS:

- Persoas maiores de 18 anos.
- Facer inscrición previa nos prazos indicados no teléfono 981 189 820, nas oficinas da OMIC ou na web www.coruna.gal/omic

PREZO: gratuíto

LUGAR / INFORMACIÓN:

OMIC

Costa da Palloza, 8 (15006 A Coruña)

Tlfo: 981 189 820

Correo-e: omic@coruna.es

Web: www.coruna.gal/omic



CONCURSOS

XI Concurso de viñetas "Novas Masculinidades"

O Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes da Área de Igualdade da Deputación da Coruña convoca o XI Concurso de viñetas "Novas Masculinidades" destinado á poboación moza.

INSCRICIÓNS: ata o 04/04/2020

REQUISITOS:

- Ter entre 12 e 18 anos, de calquera nacionalidade, que se presenten individualmente ou en grupo.
- Cada participante/s só poderá presentar unha única obra orixinal e inédita escrita en galego e non premiada con anterioridade. A obra non poderá ir asinada co nome
- Temática: o obxecto do certame é empregar a viñeta, ou tira de viñetas (como máximo 6 viñetas) para reflexionar, concienciar, visibilizar e mudar mentalidades da cidadanía en xeral e da poboación adolescente en particular, sobre as novas masculinidades así como as claves para avanzar ata unha masculinidade alternativa mais igualitaria.
- Formato DIN A5 ou DIN A4. Historia composta por unha viñeta ou un máximo de 6 viñetas cun fío condutor. Técnica: libre. Execución do traballo: manual ou dixital. Soporte: papel. Idioma: galego

DOTACIÓN:

1º premio: un iPad e unha colección de cómics
2º e 3º premio: unha tableta e unha colección de cómics

MÁIS INFORMACIÓN:

Deputación Provincial da Coruña

Avda. Porto da Coruña, 2 (15006 - A Coruña)

Tel.: 981 080 300 – correo-e: sede@dacoruna.gal

Web: www.dacoruna.gal/servizos-sociais/area-igualdade/premios-e-concursos/

PUBLICACIÓN: BOP 06/03/2020



XXX Concurso de contos Vila de Pontedeume

O Concello de Pontedeume convoca a XXX edición do concurso de contos, no que poderán participar estudantes de 2º Ciclo da ESO, Bacharelato e Ciclos de Formación de Grao Medio ou Superior.

INSCRICIÓNS: ata o 16/04/2020

REQUISITOS:

- Estudantes de 2º ciclo da ESO, Bacharelato e ciclos de FP de Grao Medio ou Superior, cuxa idade non supere os 20 anos.
- idioma a empregar será a lingua galega.
- Os participantes concorrerán cunha única obra.
- Os contos serán inéditos cunha extensión entre os 6 e 8 folios mecanografados a dobre espazo con letra Arial, corpo 12 e tamaño DIN A4 e por unha soa cara.
- As obras poderán presentarse directamente ou ben ser remitidas por correo certificado ao Rexistro Xeral do Concello de Pontedeume (Rúa Real 13, 15600 Pontedeume) en sobre pechado co título da obra e lema ou pseudónimo do autor, acompañado doutro pequeno sobre, tamén pechado, no que conste o auténtico nome e apelidos do autor, así como a fotocopia do seu D.N.I., teléfono, enderezo e indicación do centro no que cursa os seus estudos e estudos que está cursando. Tamén se poderán enviar por correo-e a correo@pontedeume.gal

DOTACIÓN: único premio de 600 €.

MÁIS INFORMACIÓN:

Concello de Pontedeume

Rúa Real, nº 13 (15600 Pontedeume)

Tel. 981 432 598 – correo-e: correo@pontedeume.gal

Web: <http://www.pontedeume.gal/>

PUBLICACIÓN: BOP 04/03/2020

**XXX CONCURSO
DE CONTOS VILA
DE PONTEDEUME**



CONCURSOS

XXVII Certame literario Xoán Díaz

O Concello de Cambre e os IES David Buján e Afonso X O Sabio organizan unha nova edición do seu certame literario de poesía, narración breve e microteatro "Xoán Díaz"

INSCRIPCIÓNS: ata o 30/04/2020

REQUISITOS:

- Mozas/os entre 12 e 26 anos cumpridos antes da data límite de presentación das propostas.
- Cada participante poderá presentar unha proposta a calquera das 3 modalidades: Poesía, Narración breve e Microteatro: a) Poesía: presentaranse 3 poemas como mínimo, de tema e forma libres.
- b) Narración breve: a extensión máxima será de 5 páxinas por unha soa cara e tema libre.
- c) Microteatro: a extensión será de entre 5 e 10 páxinas, a unha soa cara, con tema libre.
- Os traballos estarán escritos en lingua galega e deberán ser orixinais, inéditos e non premiados. Deberán estar escritos con ordenador, en papel de tamaño A4, espazamento entre liñas simple e tamaño de letra 12, paxinados e sen asinar.
- Os traballos poderán presentarse nos Institutos, nas oficinas de rexistro do Concello de Cambre ou enviadas por correo ordinario.

DOTACIÓN:

- CATEGORIA A (de 12 a 14 anos): 1º Premio: 173€. 2º Premio: 128€.
- CATEGORIA B (de 15 a 18 anos): 1º Premio: 218€. 2º Premio: 150€.
- CATEGORIA C (de 19 a 26 anos): 1º Premio: 300€. 2º Premio: 173€.

MÁIS INFORMACIÓN:

Concello de Cambre

R/ Río Barcés, 8 (15660- Cambre)

Tel.: 981 613 193 – correo-e: certamexoandiaz@cambre.org

PUBLICACIÓN: [BOP 24/02/2020](#)

*Arquivo: [Bases completas \(564 KB\)](#)

XXVII CERTAME LITERARIO "XOÁN DÍAZ"
CONCELLO DE CAMBRE | 2020



Concurso de vídeos "Cambio climático e nós"

A Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias da USC, co apoio do Servizo de Normalización Lingüística da USC, convoca o concurso de vídeos "Cambio climático e Nós", para implicar á mocidade na procura de alternativas e solucións fronte ao cambio climático.

INSCRIPCIÓNS: ata o 24/04/2020, incluído.

REQUISITOS:

- Categoría A: Alumnado da ESO, de Bacharelato e de FP de Galicia, en grupos cun máximo de 3 estudantes coordinados por un docente. Categoría B: Comunidade universitaria do SUG
- Cada participante individual ou grupo preparará un vídeo sobre o tema "Cambio climático e nós". O tratamento do tema é libre, mais valoraranse as pezas que presenten posibles solucións para contribuír a combater o cambio climático.
- Todos os elementos comunicativos lingüísticos do vídeo serán en galego (rótulos, locucións, etc.). A duración dos vídeos non superará os 2 minutos. Os traballos deben ser inéditos e orixinais.
- Os vídeos deberán subirse a unha canle de YouTube, e publicación das pezas farase baixo licenzas Creative Commons. Os proxectos presentaranse por mail ou no enderezo do apartado de Contacto.

DOTACIÓN:

Categoría A e B: 1º premio de 500€ e 2º premio de 250€.

MÁIS INFORMACIÓN:

Comisión Normalizadora Lingüística CNL

Facultade de Ciencias do Campus Terra (27002 - Lugo)

Correo-e: fcdeca@usc.gal

Web: www.usc.gal/gl/servizos/snl//dinamizacion/cambioclimatico.html

*Arquivo: [Bases completas \(109 KB\)](#)



Axudas para a obtención dos permisos de condución das clases B e C

A Consellería de Política Social convoca axudas para facilitar a obtención dos permisos de condución das clases B e C á mocidade galega, dirixidas ás persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil.

INSCRIPCIÓNS: ata o 31 de xullo de 2020 ou ata esgotamento do crédito orzamentario dispoñible*.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede <https://sede.xunta.gal> (Procedemento BS321A).

Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**No momento en que se esgote o crédito orzamentario, a Consellería de Política Social publicarao no Diario Oficial de Galicia e na páxina web. A partir dese momento non se admitirán novas solicitudes*

REQUISITOS:

- Ter cumpridos os 18 anos, sen prexuízo da idade mínima para a obtención do permiso de clase C.
- Persoas empadroadas na Comunidade Autónoma de Galicia cunha antigüidade mínima dun ano.
- Persoas inscritas no [SNGX](#) e figurar como beneficiarias no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Estar matriculadas nunha autoescola da Comunidade Autónoma de Galicia no momento de presentar a solicitude ou ben ter o/os permiso/s para o/os cales se solicita a axuda con data de expedición entre o 1 de xaneiro de 2020 e a data de presentación da solicitude.
- É obriga da persoa beneficiaria obter o permiso de condución para o cal se solicitou a axuda entre o 01/01/2020 e o 15/10/2020 (a xustificación da axuda presentarase con data límite do 20 de outubro de 2020)

DOTACIÓN:

- 400 € para a obtención do permiso de condución de clase B.
- 650 € para o permiso de clase C.

**O importe da axuda será acumulativo no caso de que unha mesma persoa solicite axuda para a obtención de ambos os permisos.*

MÁIS INFORMACIÓN:

- Servizo Xuventude da Coruña

R/ Salvador de Madariaga, 9. Mercado de Elviña, 1º andar (15006 - A Coruña)
Tel. 881 881 238 / 881 881 236

- D.X. de Xuventude, Participación e Voluntariado

Edificio de Traballo, 3º andar, San Lázaro (15707 - Santiago de Compostela)
Tel.: 981 544 807

xuventude@xunta.es

WEB: www.xuventude.net

PUBLICACIÓN: [DOG 09/03/2020](#)



Novo período de solicitude dos Locais de Ensaio

A Concellaría de Igualdade, Benestar Social e Participación abre un novo período de solicitude para optar a unha das 48 prazas semanais de ensaio que se ofertan nos Locais de Ensaio do Concello da Coruña durante vindeiro semestre de 2020

INSCRIPCIÓNS: ata o **22 de marzo 2020**, por correo-e a xuventude@coruna.es adxuntando a seguinte documentación:

- [Solicitude](#) debidamente cuberta
- Fotocopia do DNI de cada membro do grupo
- Certificado de empadramento, con data de 2020, ou ben matrícula nun centro educativo da cidade para o curso 2019/2020 de, polo menos, o 50% dos/as integrantes do grupo
- No caso de menores de idade, [modelo de autorización](#) asinado por pai, nai ou responsable legal da/o menor, xunto coa fotocopia do DNI da persoa que asine a autorización.

CALENDARIO:

- *Publicación da lista provisional:* 24 de marzo
- *Prazo de alegacións:* do 25 de marzo ao 3 de abril (ambos incluídos)
- *Publicación da lista definitiva:* 14 de abril
- *Inicio da nova quenda:* 20 de abril

REQUISITOS:

- Que, cando menos, a metade do grupo sexa menor de 30 anos e cuxos integrantes teñan un mínimo de 12 anos cumpridos a 20 de abril de 2020
- Que, cando menos, a metade dos compoñentes estean empadroados na Coruña ou matriculados nalgún centro educativo do concello da Coruña no curso 2019/2020

LUGAR / INFORMACIÓN:

Locais de Ensaio

R/ Francisco Pérez Carballo 2 (Coliseum). (15008 - A Coruña)

Correo-e: locaisdensaio@gmail.com

www.facebook.com/locaisdensaio.coruna

Web: <http://locaisdensaio.blogspot.com>



Voluntariado cultural nas Bibliotecas Públicas de Galicia

A D.X de Xuventude, Participación e Voluntariado e a Secretaría Xeral de Cultura teñen en marcha esta iniciativa de voluntariado cultural co obxectivo de incorporar persoas voluntarias á rede de bibliotecas públicas de Galicia. As persoas que queiran participar poderán colaborar nas Bibliotecas xestionadas pola Consellería de Cultura: na Coruña na **Biblioteca Pública Miguel González Garcés**

REQUISITOS:

- Perfil da persoa voluntaria:
 - Persoas con ideas de animación sociocultural e de promoción da lectura, preferiblemente con experiencia no trato con adultos e/ou con nenos e nenas.
 - Persoas con coñecementos de informática que saiban transmitirlos a adultos para contribuír a salvar a fenda dixital dos sectores da poboación menos favorecidos.
 - Persoas que teñan algún dominio dun arte, dun oficio, dunha profesión, dunha experiencia vital interesante ou dunha afección que queiran compartila e transmitila.
- Inscripción a través do formulario web en www.voluntariadogalego.org

MÁIS INFORMACIÓN:

D.X de Xuventude, Participación e Voluntariado

Tel.: 981 957 915 / 981 957 269/ 981 957 363

Correo-e: voluntariado@xunta.es

Web: www.voluntariadogalego.org

